

Outras utilidades, comandos e ideias de Scratch





Engade un gif

Pois iso. Isto é unha novidade en Scratch 3.0. Engades un [gif coma este](#) e tes os fotogramas.





Novos bloques (*aka* funcións)


Os [bloques son de tres tipos](#):

- Sen argumento
- Con un argumento (texto, número, valor lóxico)
- Con varios argumentos

Tarefa 1: crea funcións que saúden, que saúden polo nome e que saúden polo nome só se a nosa idade é superior a 18

Tarefa2: Abre o código de dar chimpos en Código Octopus (transparencia seguinte) e modifica o valor.

Novos bloques



Exemplo de bloque chimpo

definiu Chimpo pasos veces texto situação minipolbo

se situação minipolbo entón

- repetir veces
 - mudar vestimenta a octopus2
 - sumar pasos a Y
 - agardar 0.2 segundos
 - mudar vestimenta a octopus1
 - sumar $-1 \times$ pasos a Y
 - agardar 0.2 segundos
- dicer texto durante 1 segundos

Ao premer a tecla 1

Chimpo 60 1 Saltei unha vez posición en X de pequeno > 0



Idea para xogo: aventura conversacional

Unha aventura conversacional pode programarse/pensarse a moitos niveis, partindo do meramente narrativo ata chegar a un videoxogo.

Pode utilizarse para narrar contos ou como ferramenta didáctica, avanzando na trama con preguntas, dando puntos...

É interesante facer a árbore de decisións (ou diagrama de fluxo)



Tarefa: crea/modifica unha aventura conversacional

[Podes usar esta como punto de partida](#) ou crear a túa.

Podes usar mensaxes, premer nas figuras...



Comandos para analizar cadeas (palabras)



Tarefa: [analiza este programa antes de ver o código](#)

Tarefa 2: intenta engadir unha liña para que engada as letras da palabra a unha lista



Tarefa: aforcado básico sen rematar

[Despois de ver como funciona](#), proba a:

- Por un bucle para poder xogar ao xogo ata o final. Usa variables para levar a conta.
- Debuxar o aforcado.

[Tamén podes usar este](#) para utilizar listas, xogar con calquera palabra...



Extensións

- Música: crea unha melodía
- Lapis: debuxa un polígono con distintos tamaños e cores, e usa o de selar.
- Texto a fala e traductor
- Vídeo